

Bases do premio “Gradiant” á mellor tese doutoral aplicada ao sector TIC 2016

Convocatoria

A ASOCIACIÓN DE ENXEÑEIROS DE TELECOMUNICACIÓN DE GALICIA (AETG) convoca o premio “Gradiant” á mellor tese doutoral aplicada ao sector das Tecnoloxías da Información e as Comunicacions 2016, patrocinado pola FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DAS TELECOMUNICACIÓNS DE GALICIA (GRADIANT).

Coa concesión deste premio preténdese fomentar a realización de teses doutorais como vehículo de xeración de coñecemento e recoñecer a aqueles investigadores das universidades galegas que teñan completada a súa tese doutoral nun eido aplicable ao sector TIC.

A convocatoria farase pública na páxinas web www.aetg.gal e www.gradiant.org e nas notas de prensa que se remitirán aos distintos medios de comunicación.

1. Obxectivo do premio

O obxectivo do premio é recoñecer a excelencia dunha tese doutoral aplicada ao sector das Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (TIC) que destaque no eido da transferencia tecnolóxica e a xeración de negocio baseado no coñecemento. Valoraranse principalmente, polo tanto, os aspectos da tese que xustifiquen o seu potencial de aportar valor no mercado:

- Potencial de contribución ao desenvolvemento socio-económico
- Xeración de patentes
- Acordos de licenciamento da tecnoloxía
- Aportacións demostrables a produtos ou servizos
- Colaboración con empresas
- Xeración de spin-offs

2. Dotación do premio

A dotación do premio é de 2.000 Euros. O xurado poderá declaralo deserto en caso de que as teses presentadas non reúnan a calidade suficiente ou non cumpran os requisitos da convocatoria.

3. Ámbito da convocatoria

Poden concorrer ao premio todas aquelas persoas que teñan defendido a súa tese nalguna das tres universidades galegas durante os anos 2012, 2013, 2014, 2015 e 2016¹.

4. Documentación a aportar

Aquelas persoas que desexen optar ao premio deben aportar a seguinte documentación:

- Ficha resume da tese (según modelo).
- Resumo da tese indicando as razóns polas que debe ser premiada. Extensión: entre 5000 e 8000 caracteres (espacios incluídos) + referencias bibliográficas"

¹ As teses de 2016 só se admitirán se se defenderon antes da data de presentación da candidatura ao Premio.

5. Presentación e prazo de entrega

Ambos documentos enviaráanse por correo electrónico ás direccións:

administracion@aetg.gal

administracion@coetg.gal

Indicando en Asunto: “**Premio Gradiant**”.

O prazo de recepción das memorias rematará o **luns 18 de xullo de 2016 ás 9.00h.**

6. Composición do xurado e procedemento de concesión do premio

O Xurado encargado da adxudicación do premio estará formado por seis membros: Presidente, Vicepresidente, Secretario, Vicesecretario e dous Vogais. Exercerá como Presidente e Vicesecretario do Xurado dous membros da Fundación Gradiant e como Vicepresidente e Secretario dous membros da AETG que designe a Xunta Directiva. Os dous Vogais poderán ser representantes da Xunta de Galicia, empresas, fundacións e asociacións das Telecomunicacións e da Sociedade da Información, que serán nomeados conxuntamente entre a AETG e a Fundación Gradiant.

A decisión do xurado será inapelable.

7. Publicación do fallo e entrega do premio

A entrega do premio farase durante o transcurso da XXI Noite Galega das Telecomunicacións e a Sociedade da Información 2016.